

LISTE PEREIRA, JUAN (1823-1909): Os Liste tiñan o seu taller de fundición na parroquia de Orazo (A Estrada). O primeiro deles, Juan Liste Pereira aprenderá o oficio grazas aos fundidores ambulantes cántabros que percorrían toda España. Cos datos que temos a día de hoxe, podemos dicir que un tal Palacio, posiblemente transmerano, Cantabria, fixo sociedade cun xove Juan Liste e asinarían campás durante máis de trinta anos. Aparecen asinadas só como J. Liste a partires do ano 1872, asinando de igual maneira o seu fillo, José Liste Villanueva (1858-1927), que lle sucede trala morte do seu pai en 1909. As campás feitas polos Liste van dende o ano 1839 (San Cristovo de Corzón, Mazaricos) ata o 1922 (campá pequena da igrexa parroquial de Santo André de Valadares, Lugo).

As sinaturas habituais de Liste e Palacio, segundo datos recollidos a día de hoxe, son : "*PALACIO Y LISTE EN ORAZO*" ou "*P Y L EN ORAZO*" durante os anos que van dende 1839 ata 1871. De 1872 en adiante, as sinaturas serían: "*P^R J. LISTE EN ORAZO*", "*LISTE EN ORAZO*", "*FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO*" e "*LISTE ME HIZO EN ORAZO*".

LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (1858-1927): Trala morte do seu pai, Juan Liste Pereira (1823-1909), José faise cargo do obradoiro aínda que xa levaba moitos anos traballando xunto co seu pai. Para diferencia-las campás do pai e fillo hai que fixarse na inscrición. O pai escribía "*IHS M. Y JOSÉ*" e o fillo: "*IHS MARIA Y JOSE*".